

MARABILLOSO BOCCACCIO

[Paolo e Vittorio Taviani, 2016]

226

ESTREA EN NUMAX: 28.04.2017 | v.o.s.e. | +12

Maraviglioso Boccaccio (2015, 120')

Dirección: Paolo Taviani, Vittorio Taviani

Guión: Paolo Taviani, Vittorio Taviani

Elenco: Lello Arena, Kasia Smutniak, Jasmine Trinca, Kim Rossi Stuart, Riccardo Scamarcio, Rosabell Laurenti Sellers, Vittoria Puccini, Flavio Parenti

Son: Benito Alchimedede, Maurizio Grassi

Vestuario: Lina Nerli Taviani

Montaxe: Roberto Perpignani

Dirección de arte: Ermita Frigato

Fotografía: Simone Zampagni

Música: Giuliano Taviani, Carmelo Travia

Produtoras: Stemal Entertainment, Cinemaudici, Rai Cinema (Italia)

Distribuidora: Golem

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Italiano

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

César debe morir, 2012

El sol también sale de noche, 1990

La noche de San Lorenzo, 1982

Padre Padrone, 1977

Allosanfán, 1973

No estoy solo, 1969

Hay que quemar a un hombre, 1962

PREMIOS E FESTIVAIS

Ciak d'oro 2015 (nomeado a mellor deseño de produción, vestuario e son), Premios David di Donatello 2015 (nomeado a mellor deseño de produción, vestuario e maquillaxe)

SINOPSE

Ambientada na Florencia azoutada pola Peste Negra entre 1348 e 1349. Fuxindo da pandemia, dez mozos refúxianse no campo e pasan o tempo contando breves historias. Xa sexan trágicos ou enxeñosos, eróticos ou grotescos, todos os relatos teñen un único protagonista, o amor nas súas múltiples formas. E o amor acabará sendo, para estes mozos, o mellor antídoto contra o sufrimento e as incertezas da época.

«Os irmáns Taviani vólvennos sumir na súa constelación fílmica, unha das máis fermosas que nos deu o cinema italiano»

Frédéric Mignard. AVOIR-ALIRE.COM



MARABILLOSO BOCCACCIO

[Paolo e Vittorio Taviani, 2016]

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Declaración dos cineastas Paolo e Vittorio Taviani

Decidimos contar historias, ou mellor dito, estas historias libremente inspiradas en *El Decameron*, de Giovanni Boccaccio, para nos enfrontar ao desafío que supón opoñer as pálidas cores da peste, que entón como agora e nas súas diversas formas está por todas partes, ás transparentes cores do amor, da inxenuidade, da poesía.

Deixamos o reto en mans de dez mozos, sete mulleres e tres homes, que volverán facerse fortes ao formar unha comunidade próxima á natureza con regras franciscanas, como implicar facer o pan. Elixen a sinxeleza para observaren a complexidade das aventuras humanas, ás que acceden co poder da imaxinación.

“A peste e a rebelión dos mozos seguen a bater hoxe coa mesma forza”

Entrevista cos Irmáns Taviani

Decidiron basearse nunha grande obra literaria composta por cen historias.

Que ten de contemporánea esta recompilación? Queríamos achegarnos aos mozos e a esta época brutal que os exaspera. Vémolos no seo da nosa propia familia, cruzámonos con eles na rúa. De súpeto comezamos ver imaxes, ouvir sons a cal máis violento, Florencia no

século XIV, desfigurado pola peste. E logo, dez mozos, sete mulleres e tres homes, que non están dispostos a entregarse á escuridade que empezou a roelos e que teñen ganas de vivir. Deciden abandonar a cidade para refuxiarse nos outeiros do redor, onde contarán coa forza da natureza, a fantasía, a teimosía, o medo, a paixón, a alegría...

Onte, coma hoxe, a peste pode agromar a través de mil rostros. Pero hoxe, e moi especialmente nós, estabamos convencidos de que chegou o momento de equiparar a Boccaccio e o seu *Decameron* co momento actual. É algo que nos conmove. O noso *Marabilloso Boccaccio* debía contarse co mesmo fin, pero noutras palabras. Non se poden responder as preguntas, mais a peste, a rebelión dos mozos e os fabulosos acontecementos que se evocan, seguen a bater coa mesma forza.

Influíulles as versións cinematográficas anteriores de *El Decameron* como a de Pier Paolo Pasolini?

Non é a primeira vez que o dicimos: unha obra literaria ofrece historias para a gran pantalla. Hai realizadores que gozan ilustrando obras literarias, outros rexéitanas. Certo que nos gustan as obras que nos inspiran, mais vemos tantas tramas como formas de plasmar as nosas propias preocupacións e desexos. Boccaccio deixounos os seus escritos e inesgotábel imaxinación. Numerosos directores inspiráronse nel, non só Pasolini, cuxo filme é unha poderosa e poética representación erótica, da carne e do sexo. A censura atacou o filme porque coincidiu coas batallas pola

liberación sexual. Mais preferimos non falar doutras versións de *El Decameron*. *Marabilloso Boccaccio* é fillo da época actual. E nós, como toscanos, estamos convencidos de que nos reflicte e de que é único. E referímonos a cada un dos temas que toca, a sensualidade desde logo, que subxace a todo o libro.

Que historias escolleron? Tan só diremos que durante a rodaxe nos conmoveu o contraste entre os diferentes amores, rimos con ganas ante os grotescos casos de mulleres culpábeis ou necios inxenuos. Todas estas emocións avivaron aínda máis o pracer de narrar as historias.

Xoga a música un papel crucial no filme? Cada un dos dez mozos conta co seu propio espazo sonoro, un lugar recoñecíbel onde moverse, unha liberdade de ritmos, instrumentos contemporáneos e unha certa axitación electrónica. Teñen os pes fixados con firmeza nos sons actuais. O reto era factíbel, podía pasar da dimensión cotiá ao mundo da fantasía, onde se evoca outro universo musical, moito máis melodramático. Os dous músicos encargados da partitura traballaron nese choque coa complicidade de Rossini, Verdi e Puccini. Entusiasmounos a todos confrontar a dureza acústica con ondas melodiosas, o presente co pasado. Coma sempre, a música xogou un papel importante no noso filme.

Publicado en www.golem.es/distribucion/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Decameron, Giovanni Boccaccio.

Rinoceronte, 2007

César debe morir, Paolo e Vittorio Taviani.

Cameo [DVD]

